

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de novembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día seis de novembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1242).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de outubro de 2015.. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2 (1243).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “9ª CARREIRA POPULAR VIGO+11” O VINDEIRO 8 DE NOVEMBRO DE 2015. EXPTE. 14482/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 29.10.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Federación Galega de Atletismo, con CIF (G15103500) solicitou o día 09-10-2015, a través do do Rexistro Municipal (Doc.150129004) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: 9ª CARRERA POPULAR VIGO + 11*
- *Data: 8 DE NOVEMBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 8 de novembro de 2015;a saída será ás 11.00h dende Concepción Areal e percorrerá pola Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Carral, Marqués de Valladares, Colón, Areal, Isaac Peral, García Barbón, Colón, Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Canovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás Alonso, Coruña, Centro Comercial Traviesas (pola parte dereita), Alvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, Concepción Arenal donde se atopará a meta.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar á entidade Federación Galega de Atletismo, con CIF (G15103500) a organizar o vindeiro domingo 8 de novembro de 2015, a 9ª EDICIÓN da carreira **VIGO + 11**, a saída da carreira terá lugar ás 11.00h dende a rúa Concepción Areal e percorrerá pola Alameda, García Olloqui, Montero Rios, Carral, Marqués de Valladares, Colón, Areal, Isaac Peral, García Barbón,*

Colón, Alameda, García Olloqui, Montero Ríos, Canovas del Castillo, Beiramar, As Ánimas, Tomás Alonso, Coruña, Centro Comercial Traviesas (pola parte dereita), Alvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Urzáiz, Colón, Concepción Arenal donde se atopará a meta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1244).- PROPOSTA DE AXUSTE DE ANUALIDADES PARA O CONTRATO DE ADQUISICIÓN DE 1600 ENTRADAS PARA PRESENCIAR OS PARTIDOS QUE DISPUTARÁ O REAL CLUB CELTA DE VIGO NO ESTADIO DE BALAIÓDOS DURANTE A TEMPADA 2015-2016. EXPTE. 14310/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, do 3.11.15, conformado polo polo concelleiro-delegado de Deportes, o secretario de Admón. Municipal e o interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 9 de setembro de 2015, acordou adxudicar o REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1600 entradas para presenciar os partidos que disputara o Real Club Celta de Vigo a celebrar no Estadio de Balaidos durante a tempada 2015-2016, por un prezo total de 153.670€ (IVE incluído) sendo a cota correspondente ó IVE 26.670€, pola compra de 1.600 entradas por partido para un mínimo de 20 partidos, o que fai un total de 32.000 entradas.

O gasto relativo a este contrato correspondese coa aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" e coa seguinte distribución anual:

-2015: 69.151,50 € (IVE incluído)

-2016: 84.518,50 € (IVE incluído)

Con data 21 de setembro, formalizouse o contrato vinculado coa dita adquisición de entradas para presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo no Estadio de Balaidos durante a tempada 2015-2016. tras a formalización do contrato, e segundo os datos confirmados na Concellería de Deportes, o RC Celta xa tiña disputados dous partidos dos previstos para esta tempada, polo cal de acordo coa programación do calendario das competicións oficiais, quedan por celebrarse ata o 31 de decembro de 2015, 5 partidos de Liga mais e un partido de Copa do Rei, o que conleva que no ano 2015 o RC Celta disputará un máximo de 6 partidos no Estadio Municipal de Balaidos.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o axuste das anualidades correspondente o contrato asinado co Real Club Celta SAD, correspondente o expediente 14310/333 para a adquisición de 1600 entradas para presenciar os partidos que disputara o Real Club Celta de Vigo a celebrar no Estadio de Balaidos durante a tempada 2015-2016, adxudicado por acordo a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 9 de setembro de 2015, de acordo cos seguintes importes:

-2015: 61.468,00 € (IVE incluído)

-2016: 92.202,00 € (IVE incluído)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1245).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD 2015. EXPTE. 12327/77

Visto o informe xurídico do 3.11.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

O Centro de Formación Divino Maestro solicita ao Concello de Vigo, en escrito presentado por Rexistro o día 29/10/2015, a súa colaboración para proporcionar aos estudantes dos cursos AFD 2015, en concreto aos do curso "Operaciones auxiliares de servicios administrativos y generales" o desenvolvemento das prácticas profesionais, segundo as bases reguladoras da Orde da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de 30 de decembro de 2014; coa finalidade de contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do alumnado, mediante a xestión de prácticas en empresas e institucións públicas e privadas.

Os obxectivos a acadar coa realización das prácticas -no marco do contido dos cursos- é fundamentalmente facilitar a súa preparación para o desempeño profesional das tarefas obxecto do curso, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional ao mercado laboral.

Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita empresa asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno, contratada pola empresa asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.

Proponse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, e Dña. Gloria González Prelcich, con DNI 35994228-X, en representación do Centro de Formación Divino Maestro, para a regulación das prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD 2015, segundo as Bases Reguladoras do 30 de decembro de 2014.

b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD 2015 (Accións Formativas para Desempregados), segundo as bases reguladoras da orde de 30 de decembro de 2014.

Vigo, x de xxxxxx de 2015

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015.

Da outra, Dna. Gloria González Prelcich, con DNI.35.994.228-X, directora do CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO, con CIF:R-3600120-D e domicilio no Camiño Cancelo nº32 de Vigo, CP 36207, que actúa en nome e representación do devandito centro, inscrito no Rexistro de Entidades Religiosas del Ministerio de Justicia co nº 709/7 da Sección Especial, Grupo B (709/7 SE-B), en virtude do cargo outorgado por escritura de Poder Especial nº 159, polo notario D. Luciano Marín carrera del Ilustre Colegio de Notarios de Madrid.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado do curso de “Operaciones Auxiliares de Servicios Administrativos y Generales” do Plan AFD 2015.

CLÁUSULAS

Primeira. - O alumnado do curso “Operaciones Auxiliares de Servicios Administrativos y Generales” do Plan AFD desenvolverá actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estrictamente académica.

Segunda. - O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado do curso “Operaciones Auxiliares de Servicios Administrativos y Generales”, sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira. - Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada polo CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO, e que com-

prenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo, Francisco Javier Gutiérrez Orúe.

Sexta.- Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá un máximo de dous (2) alumnos do CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO en calidade de estada de prácticas.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima.- Número de horas e horario

Todas as xornadas de prácticas realizaranse dentro do horario de 08,30 a 14.30 horas, segundo acorden no seu momento o CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO e o Concello de Vigo.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

– Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

– Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

– Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

– Mútuo acordo entre o CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación

no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requirir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación a CENTRO DE FORMACIÓN DIVINO MAESTRO.

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2015, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

POLO CONCELLO DE VIGO
O concelleiro de Emprego, Economía, Industria,
Voluntariado e Relacións con Sindicatos
gación de Competencias de Alcaldía de
19/06/2015 e Acordo da X.G.L.de 19/06/2015)
Santos Hector Rodríguez Díaz

POLO CENTRO DE FORMACIÓN
DIVINO MAESTRO
A directora (Dele-
Gloria González Precilch

5(1246).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE NOS MESES DE AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO. EXPTE. 6887/224.

Mediante providencia de data 28.10.15, co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2015, a concelleira de Igualdade dá conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, nos meses de xullo, agosto e setembro.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria/o	Aplicación orzamentaria	Nº operación	Data Decreto	Importe
6815-224	CMSE	Elaboración materiais, contidos e produción da exposición sobre violencia sexual na xuventude (programa Irene)	Alen Multimedia SL	23112279903	47443	17/07/15	4.222,40 €
6840-224	CMSE	Obradoiros de coeducación nos centros de ensino (setembro-décembro) "Camiña con nós pola Igualdade"	Mulleres Progresistas	23112279906	56926	27/08/15	6.763,00 €
6843-224	CMSE	Dinamización do programa "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero"	Xoma Inicativas Sociais SL	23112279906	59631	09/09/15	21.719,50 €

Acordo

A Xunta de Goberno queda informada.

6(1247).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Fiscalización, conformado polo interventor xeral, do 29.10.15, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- *Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*
- *Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.*
- *Base 23 das de Execución do Orzamento de 2015.*

INFORME INTERVENCIÓN

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
<i>Abalde Comesaña Raquel</i>	201500035819	9120.2310000	1.000,00	1.053,94	01/06/15	22/09/15	01/09/15	----	53,94
<i>Abalde Comesaña Raquel</i>	201500037026	9120.2269900	600,00	15,80	08/06/15	09/10/15	08/09/15	584,20	-----
<i>Abalde Comesaña Raquel</i>	201500037029	9120.2200100	600,00	600,00	08/06/15	28/09/15	08/09/15	----	---
<i>Abalde Comesaña Raquel</i>	201500037955	9120.2260100	2.000,00	995,30	09/06/15	30/09/15	09/09/15	1.004,70	---
<i>Barbará Rodríguez Beatriz</i>	201500033644	9200.2260300	6.000,00	5.996,00	28/05/15	16/09/15	28/08/15	4,00	---
<i>Escariz Couso Alberto</i>	201500035820	9200.2219902	500,00	218,61	29/05/15	24/08/15	29/08/15	281,39	---
<i>Escariz Couso Alberto</i>	201500038201	2311.4800000	3.000,00	1.622,00	11/06/15	25/09/15	11/09/15	1.378,00	---
<i>Escariz Couso Alberto</i>	201500051569	9200.2312000	50,00	50,00	12/08/15	25/09/15	12/11/15	----	---
<i>Espada Recarey Luis</i>	201500038198	9250.2279900	17.999,00	13.685,30	11/06/15	04/09/15	11/09/15	4.313,70	---
<i>Espada Recarey Luis</i>	201500047187	9250.2200000	500,00	134,50	21/07/15	06/10/15	21/10/15	365,50	---
<i>Espada Recarey Luis</i>	201500047188	9250.2330000	6.851,40	6.851,40	21/07/15	05/10/15	21/10/15	----	---

Espada Re-carey Luis	201500047189	9250.2200100	500,00	416,50	21/07/15	05/10/15	21/10/15	83,50	---
Fernández Fernández Paz	201500024037	2310.4800000	100.000,00	98.800,36	14/04/15	21/07/15	14/07/15	1.199,64	---
Fernández Fernández Paz	201500030050	2310.4800000	100.000,00	99.238,79	07/05/15	31/08/15	07/08/15	761,21	---
Fernández Fernández Paz	201500039591	2310.4800000	45.000,00	44.971,77	26/06/15	24/09/15	26/09/15	28,23	---
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201500043196	9251.2330000	600,00	600,00	02/07/15	07/10/15	02/10/15	----	---
Martínez Muñoz Francisco	201500031497	1320.2269900	3.000,00	1.078,10	13/05/15	13/08/15	13/08/15	1.921,90	---
Martínez Muñoz Francisco	201500031498	1320.2312000	600,00	104,15	13/05/15	13/08/15	13/08/15	495,85	---
Mediero Rodríguez Belén	201500024035	3370.2200100	2.000,00	1.995,68	15/04/15	11/09/15	15/07/15	4,32	---
Núñez Aboy Marta	201500055442	3340.2312000	800,00	419,00	25/08/15	08/10/15	25/11/15	381,00	---
Núñez Aboy Marta	201500055443	3340.2302000	413,86	250,94	25/08/15	08/10/15	25/11/15	162,92	---
Quintela Rodríguez M ^a José	201500010881	2310.2279900	3.500,00	921,00	06/02/15	23/09/15	06/08/15	2.579,00	---
Quintela Rodríguez M ^a José	201500011088	2310.4810000	714.219,20	651.453,46	06/02/15	29/07/15	06/08/15	62.765,74	---
Quintela Rodríguez M ^a José	201500025666	2310.2279900	2.400,00	1.914,00	22/04/15	23/09/15	22/07/15	486,00	---
Vieites Alén José Manuel	201500039589	9200.2260300	6.000,00	5.995,24	26/06/15	13/10/15	26/09/15	4,76	---
Vivero Mijares Antonio	201500039098	1350.2269901	15.400,00	14.410,36	25/06/15	06/10/15	25/09/15	989,64	---
Vivero Mijares Antonio	201500039099	1350.2269900	1.500,00	1.045,21	25/06/15	29/09/15	25/09/15	454,79	---
TOTAL			1.035.033,46	954.837,41				80.249,99	53,94

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
--------------------------	----	-----

Se rendiron no prazo establecido, a excepción dos libramentos nº 201500035819, 201500037026, 201500037029 e 201500037955 de Abalde Comesaña Raquel, 201500033644 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201500038201 de Escariz Couso Alberto, 201500024037 e 201500030050 de Fernández Fernández Paz, 201500043196 de Gutiérrez Orúe Francisco Javier, 201500024035 de Mediero Rodríguez Belén, 201500010881 e 201500025666 de Quintela Rodríguez M ^a José, 201500039589 de Vieites Alén José Manuel, 201500039098 e 201500039099 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os libramentos nº 201500035819, 201500037026, 201500037029 e 201500037955 de Abalde Comesaña Raquel, 201500033644 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201500038201 de Escariz Couso Alberto, 201500024037 e 201500030050 de Fernández Fernández Paz, 201500043196 de Gutiérrez Orúe Francisco Javier, 201500024035 de Mediero Rodríguez Belén, 201500010881 e 201500025666 de Quintela Rodríguez M ^a José, 201500039589 de Vieites Alén José Manuel, 201500039098 e 201500039099 de Vivero Mijares Antonio.	

Facer constar que os libramentos nº 201500010881 e 201500011088 de Quintela Rodríguez M^a José contan con autorización da Alcaldía para ampliar o prazo de rendición da conta xustificativa dos fondos librados ata 6 meses, segundo a Base 23 de execución do Orzamento Xeral do ano 2015.

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta aprobación a precedente relación de xustificantes de libramentos.

7(1248).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE COMERCIO. EXPTE. 27199/220.

Visto o informe de fiscalización do 29.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 28.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 31 de agosto de 2015, o Xefe do Servizo de Comercio, coa conformidade do Concelleiro-delegado de Comercio, Limpeza, Distritos e Parques e Xardíns, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas dun/dunha auxiliar administrativo/a, pola inexistencia ou falta de persoal administrativo suficiente que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta a realización das tarefas administrativas indispensables do Servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 21 de outubro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Rexistro Xeral, nos termos da solicitude do seu xefe de Servizo referenciada, das listas de substitución existentes da derradeira convocatoria de persoal auxiliar correspondente a oferta de emprego público executada ou, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13/03/2015.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliar de administración xeral do aspirante D^a. BERTA REIRIZ SÁNCHEZ, DNI 36.091.580-A, que aceptou expresamente o mesmo, significando así mesmo que a interesada acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D^a. BERTA REIRIZ SÁNCHEZ, DNI 36.091.580-A, leva mais de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25670/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data

03/10/14, rematando o mesmo en data 05/04/2015, polo que está en condicións de ser novamente nomeado desde o 06 de outubro pasado.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarían parte dunha lista de substitucións ordenada en función da

puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadans no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe

técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- *O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
 - 1. A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.i) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición do xefe dos Servizo de Comercio, anexo ao expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 10.819,30€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Comercio contidas no escrito de data 31 de agosto de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.819,30€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. BERTA REIRIZ SÁNCHEZ, DNI 36.091.580-A, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo de Comercio (cód. 015).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral da funcionaria nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1249).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 27205/220.

Visto o informe de fiscalización do 29.10.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 28.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 22 de outubro actual, ordeou poñer en marcha con carácter urgente dun expediente administrativo de nomeamento interino dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificando na necesidade de proceder ao traslado por adaptación de posto dunha auxiliar adscrita ao Servizo de Estatística, das listas de substitución existentes da derradeira convocatoria de persoal auxiliar correspondente a oferta de emprego público executada ou, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13/03/2015.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliar de administración xeral do aspirante D^a. MIRIAM FRIAS CLEMENTE, DNI 52.871.030-X, que aceptou expresamente o mesmo, significando así mesmo que a interesada acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D^a. MIRIAM FRIAS CLEMENTE, DNI 52.871.030-X, leva mais de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como auxiliar de administración xeral

(art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25670/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 03/10/14, rematando o mesmo en data 05/04/2015, polo que está en condicións de ser novamente nomeado desde o 06 de outubro pasado.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarían parte dunha lista de substitucións ordenada en función da

puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadans no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe

técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- *O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) *A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
 - b) *A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
2. *A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada na propia instrucción do concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal que figura no expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 10.819,30€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística segundo a instrucción de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 22/10/2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.819,30€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D^a. MIRIAM FRIAS CLEMENTE, DNI 52.871.030-X, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo de Estatística (cód. 234).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral da funcionaria nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1250).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2015. EXPTE. 27171/220.

Visto o informe de fiscalización do 16.10.15, e a ampliación de informe-proposta do 28.10.15, da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de dito Servizo, dáse conta do informe-proposta da mesma técnica, do 13.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 13/10/2015, recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais e polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o visto e prace do concelleiro-delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por manexar maquinaria pesada, correspondente ao 3º trimestre de 2015.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos

funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira , apartado f) sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, actualmente vixente, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria dos oficiais condutores que utilicen palas sen habitualidade, por un importe de 0.74 por cada hora de conducción. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Da análise da documentación comprobouse a existencia dunha relación do persoal do servizo con indicación dos días traballados, total de horas e importes segundo o estipulado na instrución precitada así como relación da maquinaria pesada, co seu correspondente número de flota utilizada por cada un dos empregados relacionados nos días citados. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de maquinaria pesada polos efectivos municipais asignados á unidade , con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.

Infórmase así mesmo en escrito do Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais de data 8 de outubro de 2015 os traballos desenvolvidos pola maquinaria pesada de flota no terceiro trimestre do ano 2015.

Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPT. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros

aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de maquinaria pesada, fundamentadas no informe emitido pola xefatura do servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado f) sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos

Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran nas relacións adxuntas: relación do mes de xullo 2015, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Vázquez Pazo, Ramón, por importe de 1.038,96 €, relación do mes de agosto 2015, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Rodríguez Casal, José Angel, por importe de 957,56 € e relación do mes de agosto 2015, que comeza por Alonso González, Ángel e remata por Villaverde Villaverde, J. Manuel, por importe de 1.014,54 €, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00-“Produtividade”, por importe total de 3.011,06 €,., cantidade correspondente a suma das relacións que se achegan correspondentes aos meses de xullo, agosto e setembro-2015

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición

Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1251).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AOS MESES DE MAIO E SETEMBRO DE 2015. EXPTE. 27159/220.

Visto o informe de fiscalización do 3.11.15, da técnica de Avaliación e Formación, do 29.10.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de Maio e Setembro-2015 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Ospio, Seguridade e Mobilidade, Inspección Vías e Obras, Vías e Obras, Parque Central, Parque Móbil, Limpeza e Museos.

Nos documentos remitidos indícase nome, número de persoal, servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

"Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indica-

ción expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”.

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local, amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 27159-220 e que se corresponden cos Documentos sinalados anteriormente figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 31.107,41 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HO-RAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Setembro-2015	181	De Vázquez Martínez, Manuel A. a Fontán Balbuena, Camilo
Policia Local	Setembro-2015	536,5	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vila Campos, Francisco José
Servizo Extinción Incendios	Setembro-2015	1834	de Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Domínguez, Manuel
Ospio	Maio-2015	64	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Seguridade e Mobilidade	Maio-2015	32	De Garcia Alfonso, Juan Jesus a Bacelos Gonzalez, Jose

SERVIZO	MES	Nº HO-RAS	APELIDOS E NOME
Inspeccion de Vias e Obras	Maio-2015	32	De Matilde Viñas, J Eugenio a Vilar Estevez , Raimundo
Vias e Obras	Maio-2015	145	De Amoedo Cabaleiro, Jose Luis a Rodriguez Lestón, Bernardo
Parque Central	Maio-2015	79	De Comesaña Davila, Jose A. a Fernández Alberte, Severino José
Parque Mobil	Maio-2015	42	De Carballo Magariño, Jesús a Quintas Pérez, Manuel
Limpieza	Maio-2015	62	De Alonso González, Ángel a Garrido Marcos, Jesus Manuel
Museos	Maio-2015	9	Vazquez Martinez, Ramón

O montante do presente expediente ascende a un total de 31.107,41 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1252).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL, DE REASIGNACIÓN DE EFECTIVOS E READSCRICIÓN DE PRAZA E POSTO DE TÉCNICO DE XESTIÓN (DNA. SONIA GÓMEZ ÁLVAREZ). EXPTE. 27198/220.

Dáse conta da referida resolución de data 26.10.15, que di o seguinte:

Visto o informe favorable emitido pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en data 20/10/2015, seguindo instrucións desta concellalía sobre reasignación da funcionaria municipal D^a Sonia Gómez Alvarez;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar a funcionaria municipal D^a SONIA GOMEZ ALVAREZ, con nº de persoal 82164, técnica de xestión destinada na Área de Servizos Xeraial, á Asesoría Xurídica Municipal, onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado (código de posto 440.02, código retributivo 179) ao Servizo indicado (código 111) con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito

do posto traballo de técnico/a de xestión existente na Área de Servizos Xerais, asociado a unha praza da mesma denominación (código retributivo 179) á Asesoría Xurídica Municipal (código 111) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Deixar sen efecto a resolución de data 22/05/2012 ou calquera outra sobre colaboración coa Asesoría Xurídica.

Cuarto.- Da presente resolución dése traslado á interesada, Xefatura da Área de Servizos Xerais, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social, planificación e organización e inspección de persoal) aos efectos que procedan.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(1253).- ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “INSTALACIÓN PARA DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL”. EXPTE. 3121/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.10.15, dáse conta do informe-proposta, da mesma data, do xefe da Área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: “INSTALACIÓN PARA DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL”.
Expte. 2486/443.*

Localidade e situación: RÚA CANTABRIA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO (ESINPRO, SL.).

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA.

Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO (ESINPRO, SL.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ (PROYEGAL INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construción e Demolición: MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da obra "INSTALACIÓN PARA DOSIFICACIÓN DE REACTIVOS NA ETAP DO CASAL".*
- 2. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1254).- ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO". EXPTE. 3123/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.10.15, Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 27.10.15, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO".

Expte. 3173/440.

Localidade e situación: CAMIÑO PORTIÑO.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. ALBINO DÍEZ FERRERA (OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D^a. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ (PROYEGAL INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da obra "REPARACIÓN DE NOIRO E CONSTRUCCIÓN DE NOVO MURO DE SOPORTE DO CAMIÑO PORTIÑO".
2. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1255).- SOLICITUDE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VIGO NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA 13. INADMISIÓN A TRÁMITE. EXPTE. 15151/411.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 26.10.15, conformado polo director de Desenvolvemento Urbanístico, que di o seguinte:

O 31.07.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150100536) a solicitude de inicio de avaliación ambiental simplificada da Modificación Puntual nº. 3 do Plan Especial de Ordenación do Porto de Vigo, formulada pola Autoridade Portuaria de Vigo, para a súa tramitación pola Administración municipal.

O día 26.08.2015, os técnicos municipais, vistos os aspectos técnico-ambientais da documentación presentada reflectidos na lexislación de aplicación, emitiron informe sobre a improcedencia da admisión a trámite da modificación puntual nos termos formulados, conferíndose audiencia á Autoridade Portuaria de Vigo con carácter previo á adopción da resolución procedente.

O 21.09.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150119356) o escrito de alegacións asinado pola Directora da Autoridade Portuaria de Vigo en data 18.09.2015 ao que achega o informe asinado na mesma data polo Secretario Xeral co visto e praxe da referida Directora, baixo a rúbrica "Informe sobre la resolución de inadmisión remitida por el Concello de Vigo -Gerencia de Urbanismo- en relación a la solicitud de "Modificación del Plan Especial de Ordenación del Puerto de Vigo en el ámbito de aplicación de la Ordenanza 13". E o 21.09.2015 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150119130) escrito de idéntico contido selado o 18.09.2015 polo servizo de correo postal.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei de Solo).*
- *L.8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *L. 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental.*
- *RDLex. 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña mercante.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*

- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*

II. Ámbito competencial e análise das cuestións substantivas.

En data 26.08.2015, a técnica de medio ambiente e o xefe de desenvolvemento urbanístico informaron a documentación presentada en data 31.07.2015 pola Autoridade Portuaria de Vigo, xunto coa solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental simplificada da modificación puntual nº. 3 do Plan Especial do Porto de Vigo (PEOPV, no sucesivo), conferíndoselle un trámite de audiencia non inferior a dez nin superior a quince días, á vista do informado, para a presentación de cantas xustificacións e documentos estimase conveniente.

En cumprimento do trámite conferido, a Autoridade Portuaria Vigo presentou dous escritos de alegacións de idéntico contido, xuntando o informe emitido polo Secretario xeral o 18.09.2015 co visto e prace da Directora da Autoridade Portuaria, cuxo contido resume como segue: que o informe municipal remitido non aporta argumentos xurídicos nin informe que o sustente, que se limita a manifestar opinións totalmente carentes de fundamento, carecendo de motivación; que a Autoridade Portuaria de Vigo limitouse a seguir as recomendacións municipais; que correspóndelle a Autoridade Portuaria a facultade de formular novos plans e a modificación dos existentes e que non se teñen aportado fundamentos legais para inadmitir a trámite a solicitude.

Xa que logo, visto o informe asinado polo Secretario xeral o día 18.09.2015 co visto e prace da Directora da Autoridade Portuaria, así como o escrito de alegacións achegado pola Autoridade Portuaria de Vigo ao expediente administrativo de referencia, cúmpre aclarar que no presente procedemento administrativo non foi emitida resolución de inadmisión ningunha, senón que á vista das deficiencias técnico-ambientais advertidas na documentación presentada pola Autoridade Portuaria de Vigo, os técnicos municipais informaron sobre a improcedencia de admitir a trámite o solicitado, outorgándosele un trámite de audiencia ao órgano promotor a fin de que aportara as alegacións e documentos que estimase convenientes. Polo tanto, parte o informe xurídico achegado pola Autoridade Portuaria de Vigo da premisa errónea de considerar dictada unha resolución de inadmisión, cando neste procedemento non existe aínda acto administrativo finalizador do mesmo, cumprindo, polo demais, analizar, os fundamentos das alegacións presentadas de cara a adopción da decisión que proceda.

Así pois, no informe emitido polos técnicos municipais con data 26.08.2015 analízase a situación do PEOPV e a problemática existente no ámbito, evidenciándose o limitado da modificación puntual proposta con respecto á Delimitación de Espazos e Usos Portuarios (DEUPV, no sucesivo) aprobada mediante Orden FOM/822/2015, de 13 de abril, e as deficiencias observadas na documentación presentada pola Autoridade Portuaria de Vigo o que, xunto ás circunstancias concorrentes, levan a recomendar que, en atención á necesaria cooperación e coordinación administrativa, se solicite da Autoridade Portuaria de Vigo a remisión oficial da documentación completa da DEUPV (necesaria para estudar o PEOPV), así como a redacción dun PEOPV que se adapte á mesma e que respecte as determinacións do PXOM de Vigo, ofrecéndolle para elo toda a colaboración necesaria.

Nesa vontade de colaboración e necesaria coordinación administrativa procede abordar a lectura do informe municipal referido, toda vez que no que nel se expresan son as deficiencias técnico-ambientais das que adolece o documento cuxa tramitación se insta pola Autoridade Portuaria de Vigo e que foron advertidas por técnicos municipais cualificados na materia, sen que proceda examinar aquí a medida na que os principios de boa fé e confianza lexítima que rexen o actuar das Administracións Públicas e a necesaria colaboración e cooperación que debe presidir as súas relacións, resultan encadrables nun marco no que os informes emitidos por funcionarios públicos son cualificados de meras opinións carentes de base legal, manifestacións de vontade e informes de parte, o que se apunta sen prexuízo de que o órgano promotor poda ou non compartir o criterio técnico expresado neles.

Á vista do informado polos técnicos municipais, advírtese que no dito informe do 26.08.2015 exprésanse aspectos reveladores da problemática urbanística existente no ámbito de aplicación do PEOPV na súa relación coa DEUPV aprobada recentemente e, así, entre outras cuestións, ponse de manifesto que o PEOPV ordena zonas que foron posteriormente desafectadas (tramo de Alcobre ata Bouzas, xardíns do Areal, parcela da baixada a Ríos ou estación depuradora de Teis e Praia da Cacharela) e non ordena outras que sí figuran na DEUPV (peirao de Coia e mariña deportiva ou peirao do Areal); non contén a mesma definición de usos que a derivada da DEUPV (ésta introduce novas categorías de usos básicos como os destinados a interacción porto-cidade ou os denominados espazos de reserva portuaria e de usos específicos como o portuario pesqueiro de comercialización ou portuario pesqueiro polivalente ou de sinais marítimas, que non teñen correspondencia exacta na regulación de usos do artigo 12 do PEOPV) non considerándose tecnicamente aceptable que a adaptación do PEOPV á DEUPV se realice a través dun número aínda indeterminado de modificacións puntuais e non se valore de forma íntegra a ordenación urbanística da zona de servizo portuaria, entendéndose que o procedente é que a PEOPV se adapte totalmente á DEUPV que lle da cobertura ao delimitar o sistema xeral portuario que aquel ten que ordenar urbanisticamente.

Ademais, apúntase no referido informe municipal a necesidade de que sexa remitido pola Autoridade Portuaria de Vigo un exemplar do DEUPV, instrumento relevante para a consideración das cuestións informadas neste expediente administrativo. Neste senso, lémbrese que o artigo 4.i) da LOUGA determina como fins propios da actividade urbanística “exercer as competencias das administracións públicas con arreglo aos principios de cooperación, coordinación, asistencia activa e información recíproca, co obxectivo de garantir a plena aplicación e eficacia da normativa urbanística” e neste marco debe encadrarse, xunto coa demais normativa de aplicación (artigo 4.1 letras c) e d) da LRXAP-PAC, entre outras), a solicitude dirixida á Autoridade Portuaria de Vigo, sen que ata a data conste remitido o exemplar solicitado.

Sentado o exposto, e visto que nas alegacións achegadas pola Autoridade Portuaria non se aclara nin xustifica ningún dos extremos apuntados no informe que lle foi remitido, cúmpre sinalar que non se observa que polos técnicos municipais se descoñecese no informe do 26.08.2015 a distribución competencial contida no artigo 56.2.a) e b) do TRLMM para a formulación/tramitación/aprobación dos plans especiais desta natureza, sendo así que aínda que se ben se residencia na Autoridade Portuaria a competencia para a formulación do Plan Especial chamado a ordenar o sistema xeral portuario, corresponderá a Administración competente en materia de urbanismo, a súa tramitación e aprobación de acordo co previsto na lexislación urbanística e de ordenación do territorio, o que, na nosa Comunidade Autónoma, debe relacionarse co establecido no artigo 89 da LOUGA.

No suposto examinado, concorre no Concello de Vigo a condición de administración competente para a tramitación e aprobación da modificación puntual do PEOPV presentada, nos termos previstos na lexislación de aplicación, pero tamén a de órgano substativo de acordo co disposto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental.

Desta forma, o artigo 29 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental, dispón que se o órgano substantivo comprobara que a solicitude de inicio non incluía os documentos sinalados nela, requirirá ao promotor para que, no prazo de dez días hábiles, os aporte, cos efectos previstos no artigo 71 da LRXAP-PAC, encomendándolle tamén a labor de comprobar que a documentación presentada en cumprimento da lexislación sectorial cumpre os requisitos nela esixidos.

A propia Exposición de Motivos da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental explica que con independencia de que o órgano substantivo (neste caso, Concello de Vigo) poda resolver de conformidade coa lexislación sectorial a inadmisión meramente formal da solicitude de adopción, aprobación ou autorización dun plan, se o promotor (neste caso, Autoridade Portuaria de Vigo) non presentase o expediente completo, a lei regula tamén un trámite de inadmisión de carácter substantivo ou material, que ten como finalidade que os promotores coñezan, dende unha fase moi preliminar do procedemento, que existen fundadas razóns para entender que o plan non poderá contar coa declaración ambiental favorable, por razóns am-

bientais ou cando os estudos ambientais non reúnen condicións de calidade suficientes apreciadas ou cando se inadmitise ou se dictase unha declaración ambiental desfavorable a un plan análogo ao presentado. Se ben esta segunda inadmisión corresponde ao órgano ambiental, tal previsión realízase sen prexuízo do que resuelva o órgano substativo de conformidade coa lexislación sectorial sobre a solicitude de adopción, aprobación ou autorización do plan, quen, deberá ademais, comunicar calquera incidencia que teña relevancia aos efectos da tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, evitando que continúe unha tramitación innecesaria.

É por elo, que malia o sinalado no informe asinado con data 18.09.2015 polo Secretario xeral da Autoridade Portuaria de Vigo, acollido nas alegacións presentadas polo órgano promotor, non se observa que polo Concello de Vigo se asumisen unhas funcións distintas ás que lle corresponden nin que se negase a competencia da Autoridade Portuaria de Vigo para formular o plan especial de referencia ou as súas modificación. Esta competencia é recoñecida á luz do establecido nos artigos 56 do TRRLM e 83 e correlativos da LOUGA, resultando igualmente analizada na sentenza de día 04.10.2006 do Tribunal Supremo (citada no informe do 18.09.2015 remitido pola Autoridade Portuaria de Vigo), cando dispón: "(...)Los Planes Especiales a cuya categoría pertenece el impugnado, son previstos en el artículo 18 de la Ley 27/1992, de 24 de noviembre, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante. Su singularidad se manifiesta, sobre todo, en su formulación -que se lleva a cabo por la Autoridad Portuaria- y en su aprobación definitiva -que requiere la conformidad de esta Autoridad con el contenido del Plan en los aspectos que son de su competencia, resolviendo el eventual desacuerdo el Consejo de Ministros a través de un informe de carácter vinculante-. Pero estas singularidades obedecen sólo a la exigencia lógica de articular la necesaria coordinación entre las Administraciones con competencia concurrente sobre el espacio portuario (artículo 18.1), de suerte que no alteran la naturaleza esencialmente urbanística que cabe predicar de dichos Planes Especiales".

Sen embargo, partindo do anterior, non cabe esquecer que o dereito ao trámite non é concebido como un dereito absoluto na nosa lexislación, polo que non pode desapoderar de competencias á Administración competente para a tramitación e aprobación dos instrumentos de planeamento, sendo así que a lexislación non impón á Administración a admisión en todo caso de calquera proposta. É por elo, que no ámbito que nos ocupa, aquel dereito resulta compatible coa posibilidade de que se denegue a tramitación dunha solicitude se se advirte dende o principio a inviabilidade do instrumento cuxa tramitación se insta, ben pola deficiente conformación do seu contido documental (de tal natureza que non permita a súa toma en consideración) ou ben porque as súas determinacións presenten desconformidades substanciais, e non subsanables, coa lei ou co planeamento urbanístico. E, neste senso, ningún esforzo se observa no escrito de alegacións presentado polo órgano promotor para desvirtuar o informado polos técnicos municipais.

Neste senso, entre outras, en sentenza do día 29.03.2004 o Tribunal Supremo razonou que o dereito á tramitación dos plans de ordenación ou proxectos de urbanización presentados polos particulares parte de que os mesmos se axustan aos instrumentos de orde superior, aínda que non vincula á Administración en canto á adopción de decisións discrecionais. Pero este dereito non se opón a que a Administración poda denegar esa aprobación inicial se no proxecto presentado existen determinacións contrarias ao planeamento...ningún sentido ten ordenar a continuación dun procedemento que non podería chegar a ser aprobado definitivamente. En idéntica liña se pronuncia o Tribunal Supremo en sentenza de data 25.09.1997 cando afirma: "fue conforme a Derecho que el Ayuntamiento denegara la aprobación inicial, pues si bien es cierto que los particulares tienen derecho a la tramitación de los Planes que se deban a su iniciativa y que, en consecuencia, la Administración no debe cercenar "a limine" esa tramitación, también lo es que ese derecho quiebra en los casos en que el Plan Parcial proyectado viole de forma clara, palmaria y manifiesta el Plan General, pues en tal caso razones de economía y de lógica imponen el inicial rechazo del proyecto. Que es lo que pasa en el presente caso, en que la disconformidad con el Plan General no era de detalle, o dudosa, u opinable..". Y también la STS Sala 3ª de 25 septiembre 1991 señala: "el derecho al procedimiento que indudablemente concurre en los particulares redactores de planes de ordenación...no puede concebirse como un derecho absoluto que imponga a la Administración en todo caso la aprobación inicial y la realización de los trámites sucesivos hasta llegar al momento de la aprobación definitiva, siendo perfecta-

mente compatible con la posibilidad de que se deniegue la misma cuando ya en principio se aprecie la inviabilidad del Plan por oponerse a la Ley o a instrumentos urbanísticos de superior rango”.

E, en definitiva, o TSXG abordou na sentenza do día 30.04.2015, a procedencia da inadmisión a trámite da terceira modificación puntual do PEOPV, a cuxo tenor: “es preciso significar que la pretensión de la parte actora no puede prosperar al encontrarse con el obstáculo constituido por lo establecido en el entonces aplicable artículo 96.7, Ley 48/2003, de 26 de noviembre, de régimen económico y de prestación de servicios de los puertos de interés general, exigiendo que con carácter previo a la formulación del Plan especial del Puerto deberá estar aprobado el Plan de utilización de espacios portuarios y como quiera que no consta para el supuesto debatido, la previa tramitación y aprobación del PUEP del Puerto de Vigo, no se aprecia base para la prosperabilidad de las pretensiones de la actora, no siendo aceptable que la clara determinación contenida en el referido precepto pueda ser evitada mediante la formulación de puntuales y parciales modificaciones ya que el sentido del citado precepto se corresponde con la necesaria preexistencia del PUEP dado el significado y alcance del mismo, con evidente relevancia para el posterior establecimiento de una ordenación urbanística detallada que en el caso aquí examinado afectaría a un ámbito significado con zona situada en el sistema xeral portuario y limítrofe con suelos situados fuera del mismo”.

Neste punto, debe lembrarse que no apartado dispositivo primeiro do acordo do 23.11.2009 da Xunta de Goberno Local (exp.12141/411), discutido naquel procedemento xudicial, acordábase: “Inadmitir a trámite a solicitude formulada en data 31.07.2009 (Doc. Nº 90114214) pola presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo relativa á “3ª MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DO PORTO DE VIGO”, na que se contén unha proposta de modificación da regulación prevista na súa Ordenanza nº 14 (Art. 32) para a zona de «A Lagoa - Ríos», toda vez que o Art. 96.7 da L. 48/2003, do 26 de novembro, sobre o Réxime económico e de Prestación de servizos dos portos de interese xeral, en conexión co Art. 93.4 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio rural de Galicia, esixe expresamente para a modificación dese Plan especial a previa aprobación do Plan de Utilización dos Espazos Portuarios que lle preste cobertura; plan que deberá ser elaborado pola Autoridade Portuaria e aprobado polo Ministerio de Fomento, previos os informes das Administracións urbanísticas e sectorial competentes”.

Examinado o decidido o 23.11.2009 pola Xunta de Goberno Local (con base nos informes obrantes no expediente) e o informado polos técnicos municipais o día 26.08.2015 no expediente de razón, non se observa contradicción entre eles, ao non cuestionarse a competencia da Autoridade Portuaria de Vigo para a formulación do plan especial de referencia nin das súas modificacións; formulación que terá que producirse no marco da legalidade vixente e co alcance que o seu cumprimento reclame.

A necesidade de que o Porto de Vigo dispuxera do Plan de Utilización previsto na lexislación de portos, actualmente substituído pola Delimitación de Espazos e Usos Portuarios, foi posta de manifesto tanto pola Autoridade Portuaria de Vigo como polo Administración urbanística, e motivou a inadmisión a trámite da 3ª modificación puntual do plan especial contida nos termos contidos no acordo da Xunta de Goberno Local do 23.09.2011, decisión que ademais foi ratificada na sentenza do 30.04.2015 do TSXG, na que o órgano xuridiccional nomeado apunta sobre o significado e alcance do PUEP (DEUP, actualmente) para o posterior establecemento dunha ordenación detallada.

Así as cousas, o Porto de Vigo careceu durante anos daquel instrumento configurado legalmente como prevalente e orixinario no tempo e que debería dar cobertura ao PEOPV, sendo así que as dúas modificacións puntuais do PEOPV veron a luz sen que a DEUPV contase con aprobación ningunha. Sen embargo, segundo xa explicaba o Letrado do Concello de Vigo nos autos do procedemento substanciado perante o TSXG finalizado con sentenza de data 30.04.2015: “A aprobación orixinal do PEPV e das dúas modificacións puntuais reseñadas realizáronse baixo a vixencia da LPEMM aprobada en 1992. Sen embargo, esta norma resultou posteriormente modificada pola L.48/2003, do 26 de novembro, sobre o Réxime económico e de Prestación de servizos dos portos de interese xeral: disposición que entrou en vigor –agás o seu Título I– o 27.02.2004 e que estableceu, expresamente, a necesidade de aprobar distintos instrumentos de plani-

ficación específica para esta clase de portos (Plan Estratégico da Autoridade Portuaria, Plan Director da Infraestrutura Portuaria, PUEP, Plan Especial de Ordenación do Porto...) cuxa función principal é a de definir os obxectivos xerais do sistema portuario, ordenar e racionalizar o uso dos seus espazos, proxectar ordenadamente o seu desenvolvemento futuro e compatibilízalo coa menor agresión posible ó medio rural”.

Lémbrese que o Concello de Vigo fundamentaba á conformidade a dereito do acto administrativo entón discutido, como segue: “En concreto, o Art. 96.7 da L.48/2003 esixe que con carácter previo á formulación pola respectiva Autoridade Portuaria do PEP deberá estar aprobado o PUEP; instrumento que delimitará a súa zona de servizo, establecerá a súa ordenación portuaria (non urbanística) e incluírá os usos previstos para cada unha das diferentes zonas do porto, así como a xustificación da necesidade ou conveniencia de tales usos, «segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da libre competencia na prestación dos servizos» (Art. 96 L.48/2003). Como ten expresado o TC o PEUP “delimita o perímetro da zona de servizo portuaria, distribuirá as actividades dentro deste recinto portuario” e tal como se afirma na recente STS do 30.10.2008 (Rec. Casación nº. 3371/2005), é o PEUP o instrumento que lexitima a implantación efectiva dos usos estritamente portuarios nos portos de interese xeral, «en cuanto expresión de la competencia estatal sobre los mismos, correspondiéndole, además de la delimitación de la zona de servicio de los puertos, la ordenación propiamente portuaria, es decir, de los espacios de tierra y de agua necesarios para el desarrollo de los usos portuarios, así como de los de reserva para el desarrollo de dicha actividad. El Plan de Utilización determina la propia creación o ampliación del puerto, precediendo por tanto en el tiempo al Plan Especial, de naturaleza urbanística, en el que simplemente se ordenan los usos urbanos que se implantarán sobre la superficie del suelo portuario una vez exista». A posterior sentenza do TS de 14.01.2010 (R.C. 6412/2005) mantén o mesmo criterio ao remitir a sentenza citada de 30.12.2009. (...) Non pode admitirse que se recorra a puntuais e sucesivas modificacións parciais do PEPV para eludir a obriga –inexcusable- de redactar, tramitar e aprobar o PUEP, tal como esixe a lexislación sectorial de portos vixente na actualidade”.

É por elo, que coa Orde FOM/822/2015, de 13 de abril, pola que se aproba a delimitación de espazos e usos portuarios do porto de Vigo deuse cumprimento á aquela obriga referida polo Concello de Vigo como inexcusable, producíndose a reclamada asignación de usos para as diferentes zonas do porto, coa xustificación da súa necesidade ou conveniencia e delimitándose a zona de servizo do porto na que se inclúen os espazos de terra e auga necesarios para a execución das súas actividades, os espazos de reserva e os destinados a tarefas complementarias daquelas.

Recoñida a competencia da Autoridade Portuaria para formular o PEUPV e as súas correspondentes modificacións puntuais, a desconformidade cinguese ao concreto ámbito que a tal modificación lle corresponde en dereito pois, sentado polo TSXG e mesmo pola lexislación, a necesaria preexistencia da DEUP a respecto do PEUP, non se aportan pola Autoridade Portuaria fundamentos suficientes para desvirtuar o informado polos técnicos municipais nin capaces de xustificar minimamente a improcedencia de que se esixa que o alcance desa modificación sexa o necesario para que teña lugar a súa adaptación á DEUPV. E elo, sempre que as desconformidades ou diferencias entre ambos instrumentos non situaran a cuestión nun escenario que levase a plantexar a vixencia mesma do PEUPV.

A este respecto, debe sinalarse que malia vocación de vixencia indefinida dos plans urbanísticos, a LOUGA prevé que elo será así sen prexuízo da súa modificación ou revisión. E, dado o carácter incuestionablemente normativo do planeamento urbanístico, para a súa alteración debe observarse o mesmo procedemento que para a súa elaboración, coas especialidades definidas na lexislación de aplicación.

Así pois, analizando as diferencias xenéricas entre revisión e modificación, a LOUGA parte de que coa revisión realízase un exame total do texto obxecto dela para estudar se o mesmo se axusta á realidade e legalidade, mentras que na modificación se trata de corrixir algún ou algúns dos elementos do plan que, sen embargo, permanece. A revisión, sen embargo, non implica implique necesariamente a alteración de todo o instrumento.

Concretamente, o artigo 4 do Plan Especial do Porto de Vigo (BOP. nº. 127, de 03.07.2003), establece no seu segundo parágrafo: "Su vigencia será indefinida en tanto no sea revisado como consecuencia de determinaciones de planeamiento superior, de la modificación del marco legal o de la iniciativa de la Autoridad Portuaria. Las modificaciones del Plan se regularán por lo establecido en la legislación urbanística vigente en cada momento" e na sentenza nº. 224/11 do 01.09.2011 do XCA nº. 2, que se cita no informe do 18.09.2015 remitido dende a Autoridade Portuaria de Vigo, pártese de que no procedemento "no se realiza la impugnación indirecta del Plan Especial de Ordenación del Puerto de Vigo y que no se cuestiona la validez de éste, debemos partir de la vigencia y eficacia de este instrumento de planeamiento...".

E, certamente, non cuestionada a vixencia e eficacia daquel Plan Especial polo Concello de Vigo, non se observa que no informe do 26.08.2015 se lle considere como un instrumento carente de efectos xurídicos, coa singularidade, no que agora respecta, de que o novo marco normativo no que se inxire, ven caracterizado pola aprobación dunha DEUPV que, de acordo co expresado polo TSXG, é necesariamente preexistente dado o significado e alcance do mesmo, con evidente relevancia para o posterior establecemento dunha ordenación urbanística detallada. Nesta concepción de ambos instrumentos, enténdese que a adaptación do PEUPV á DEUPV debe ter un carácter necesariamente integral evitando a formulación de puntuais e parciais modificacións cando o PEUPV debe atopar a súa cobertura singularmente na DEUPV. Tal é así, que a modificación puntual formulada no expediente administrativo de referencia pola Autoridade Portuaria de Vigo pretende fundamentarse na necesaria adaptación do PEUPV á DEUPV para seguidamente propoñer unha adaptación parcial e limitada a unha pequena peza do PEUPV e sen incluír entre as alternativas de ordenación estudadas, precisamente, aquela que daría cumprimento ao fundamento que serve de base á modificación puntual formulada; a adaptación do PEUPV á DEUPV. A este respecto sinalaban os técnicos municipais en informe do 26.08.2015: "(...) Na avaliación de alternativas do DAE presentado non se considera a alternativa principal que permitiría acadar o obxectivo ou motivación da modificación presentada e que suporía adaptar o PEUPV á DEUPV ao completo. 2º/ Dita alternativa principal non pode ser considerada como unha modificación menor. De acordo co disciplinado no artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, se considerarán modificacións menores os cambios nas características dos planes xa aprobados que non constitúen variacións fundamentais das estratexias, directrices e propostas ou da súa cronoloxía pero que producen diferencias nos efectos previstos ou na zona de influencia. Os cambios propostos motívanse nunha variación fundamental que ven derivada da aprobación definitiva da DEUPV".

Na mesma dirección apunta o informe do Secretario xeral da Autoridade Portuaria de Vigo de data 18.09.2015 cando recoñece (con expresión resaltadas en cursiva e negriña) que: "A la vista de lo manifestado en el fundamento primero del escrito de ampliación de la demanda presentada por el Concello de Vigo, su Asesoría Jurídica manifiesta de forma clara y expresa la necesidad de elaboración de la Delimitación de Usos y Espacios Portuarios, sino que además exige, LA MODIFICACIÓN DEL PLAN ESPECIAL para su adaptación a la citada Delimitación de Usos y Espacios portuarios ahora ya aprobada (...) A la vista de lo manifestado en el Fundamento de Derecho Séptimo que se acaba de transcribir, por segunda vez, la Asesoría Jurídica del Concello de Vigo manifiesta de forma clara y expresa la necesidad de la elaboración de la Delimitación de Usos y Espacios Portuarios, sino que además exige "QUE SE REFLEJEN" en el Plan Especial para su adaptación a la citada Delimitación de Usos y Espacios portuarios ahora va aprobada (...)"

Pola súa parte, o Tribunal Supremo dispuxo en sentenza do 14.12.2011 que o Plan de Utilización dos Espazos Portuarios é o que delimita a zona de servizo, que é a que ten que ser calificada polo planeamento xeral como sistema xeral portuario, engadindo que nun momento posterior, esa determinación do sistema xeral ten que ser desenrolada e ordenada urbanisticamente mediante un plan especial ou instrumento equivalente. Así pois, as DEUP son instrumentos específicos para planificar e delimitar as zonas de servizo do porto e teñen que incluír con vistas ao futuro, aqueles espazos nos que se fará efectiva a explotación das actividades portuarias, o que supón que a propia DEUP concretará e determinará os usos previstos para os distintos espazos do porto. Estes documentos, así como os plans especiais de ordenación, configuran con arreglo ás funcionalidades propias duns e doutros, o planeamento portuario e a eles teñen que atenerse as decisión da propia Autoridade Portuaria cando pretenda outorgar títulos concesionais ou instalacións nos respectivos espazos.

E, do mesmo xeito que o plan xeral tería que acoller totalmente á delimitación do sistema xeral portuario contido na DEUPV, non cabendo a parcial adaptación a súa delimitación; non resulta procedente que ésta

sexa a solución adoptada pola modificación do plan especial que precisamente ten que ordenar detalladamente ese sistema xeral. O alcance da modificación a operar será o que resulte esixible para que a adaptación á DEUPV poda ter lugar.

Polo demais, ningún fundamento se contén no escrito remitido pola Autoridade Portuaria de Vigo que desvirtúe o informado polos técnicos municipais o 26.08.2015 nin que xustifique a innecesidade de que o PEUPV se adapte de forma real e efectiva á DEUPV, semellando esto o reclamable dende o punto de vista urbanístico e da satisfacción do interese xeral.

Doutra banda, razóns de seguridade xurídica póñense de manifesto no informe municipal do 26.08.2015, debendo o propio Concello de Vigo contribuír no senso exposto, tramitando as adaptacións do vixente PXOM de Vigo que resulten necesarias con fundamento no novo marco sectorial existente.

Polo tanto, o procedente será que a adaptación do PEUPV á DEUPV se realice de forma íntegra, sendo o contido e alcance desa modificación o que resulte esixible para que tal adaptación se leve a efecto.

III. Órgano competente

É competente para resolver, a Xunta de Goberno Local (ex. artigo 127.1.c) da LRBRL), por proposta do Consello da XMU (artigo 10º.1 dos Estatutos da XMU).

Polo anterior, proponse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Inadmitir a trámite a 3ª modificación puntual nº. 3 do Plan Especial de Ordenación do Porto de Vigo, formulada pola Autoridade Portuaria de Vigo que xunto coa solicitude de inicio tivo entrada con data 31.07.2015, no Rexistro xeral da XMU (doc. 150100536), con fundamento na proposta supra transcrita e no informe técnico do 26.08.2015 obrante no expediente.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada significándolle que pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñer con carácter potestativo o requirimento previsto no artigo 44.1 da LRX-CA no prazo de dous meses contado dende a súa notificación, que se entenderá rexeitado se no mes seguinte a súa recepción non fora contestado, ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, no prazo de dous meses dende a notificación do presente acordo agás que se interpuxera o citado requirimento previo, caso no que o recurso contencioso-administrativo poderá interpoñerse no prazo de dous meses contado dende que se notifique a decisión adoptada, se fora expresa, ou dende que poda entenderse rexeitado o devandito requirimento.

Non obstante, o presente informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, con data 29.10.15, acorda elevar o presente informe á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

15(1256).- PROPOSTA PARA O INICIO DE EXPEDIENTE PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 14552/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.11.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 4.11.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente ao obxecto de autorizar á execución do Programa Municipal “Calendario de Eventos deportivos da Cidade de Vigo”.

A Cidade de Vigo foi historicamente unha cidade volcada coa actividade deportiva en xeral, converténdose nun dos centros de referencia tanto en Galicia como a nivel nacional. Proba desta vocación deportiva da cidade, son as máis de 15.000 licencias que a día de hoxe hai tramitadas en Vigo, os máis de 10.000 deportistas de base federados, o enorme desenvolvemento do tecido asociativo deportivo, con máis de 250 entidades deportivas que conforman un entramado deportivo de gran nivel, ou o enorme nivel de participación que teñen iniciativas como o Vigo en Xogo, con máis de 4.000 deportistas afeccionados que semanalmente participan neste programa, ou os máis de 15.000 participantes no circuito cidade de Vigo de carreiras populares, que no ano 2016 cumprirá a súa oitava edición.

A este enorme volume de actividade, fundamentalmente federado e que se desenvolve no entorno da configuración de calendarios deportivos conformados polas propias federacións de cada modalidade, hai que engadir o gran impulso que está sufrindo o deporte-saúde nos derradeiros anos. Cada vez con máis forza, a poboación entende a importancia de integrar a actividade física nas súas rutinas vitais ao obxecto de mellorar os seus indicadores de saúde. Esta cuestión provoca que o volume da oferta de eventos deportivos orientados a deportistas populares, co acento posto basicamente no deporte como ferramenta de saúde, experimente un importantísimo aumento nos derradeiros anos, de forma que xa no ano 2015 celebráranse máis de 200 eventos deportivos na cidade, dos que casi 50 tiveron lugar na vía pública, o que supuxo que as rúas de Vigo acolleran eventos deportivos practicamente todos os fins de semana do ano para un total de máis de 30.000 persoas.

Estes eventos deportivos teñen perfís diferentes en función do seu formato, lugar de celebración, orientación, volume de participación, perfil do organizador...., polo que poderían distinguirse nos seguintes grupos:

- Eventos que pola súa repercusión mediática e social, polo nivel de participación, e/ou pola súa importancia deportiva son de gran interés para a cidade.*
- Eventos de carácter autonómico ou provincial de nivel deportiva medio, participación limitada.*
- Eventos de ámbito local, ubicados en entornos moi concretos e cunha baixa participación.*
- Eventos Deporte Escolar/Base: Eventos vinculados ó ámbito escolar ou deporte de base, campionatos escolares, fases de campionatos federados...*

- *Eventos de promoción: Deporte popular, e os eventos promocionais habitualmente dinamizados por empresas e entidades deportivas sen ánimo de lucro, orientados á promoción dunha determinada modalidade, ou con fins sociais ou benéficos...*
- *Competicións Federadas de especial interés: Nesta categoría inclúense as grandes Ligas que se desenvolven na cidade na categoría absoluta.*
- *Programas deportivos e eventos municipais:*
 - *Programas deportivos.*
 - *Trofeos Concello de Vigo.*
 - *Actividades dinamizadas pola Concellería.*
 - *...*

Estos antecedentes fan que a Concellería de deportes plantexe a posta en marcha do Programa Municipal “Calendario de Eventos deportivos” para a regularización das competicións deportivas na cidade de Vigo que permita:

- *Ordenar, regular e temporalizar nun documento os eventos deportivos que se celebran na cidade ó longo do ano.*
- *Cuantificar e prever os recursos necesarios que o Concello de Vigo destinará á organización de cada un dos eventos deportivos.*
- *Comunicar ás entidades organizadoras de eventos o nivel de colaboración do Concello de Vigo previa celebración dos mesmos, nun prazo que lles permita ter previstas as cuestións organizativas.*
- *Facilitar a programación da apertura e peche das instalacións deportivas e as necesidades vinculadas con elas no caso de eventos celebrados en instalacións deportivas Municipais.*
- *Establecer e temporalizar un protocolo de actuacións previas vinculadas ás diferentes áreas do Concello no caso de eventos realizados na vía pública, ou en instalacións non dependentes da área de Deportes.*
- *Establecer os compromisos e responsabilidades dos organizadores de eventos.*

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte na cidade de Vigo.*
- Poñer en valor o calendario deportivo da cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

